



DEBATE DO ESTADO DA NACIÓN 2026

TEXTO INTERVENCIÓN ANA PONTÓN

Señorías:

Hai un ano empezaba este debate condenando a situación en Gaza, un auténtico xenocidio que o Partido Popular non tivo a decencia de recoñecer e condenar. 680.000 palestinos asasinados, que máis precisan, señorías do PP? A cifra non é do BNG, é da relatora especial da ONU, e non para de aumentar porque o Estado terrorista de Israel segue matando a inocentes cada día. Nin podemos, nin queremos mirar para outro lado.

Pero de novo temos outra guerra que condenar, a que o tándem Trump-Netanyahu iniciou o 28 de febreiro en Irán bombardeando unha escola e matando a 200 nenas; unha nova guerra que suma miles de mortos. Pero no último pleno neste Parlamento, o PP votou en contra de condenar esta guerra imperialista.

Señor Rueda: ten a conciencia tranquila colocándose do lado dun criminal e dun xenocida?

Mentres o PP se coloca do lado da barbarie, os galegos e as galegas danlle unha lección de dignidade dicindo NON A GUERRA!

As guerras, todas as guerras, son un fracaso da humanidade: en Ucraína ou Yemen; en Somalia ou Etiopía. Deixan un mundo máis inxusto, máis inseguro e máis perigoso para todos e todas. As guerras nunca teñen nobres motivos. Ao contrario, responden á cobiza, ás ansias de poder e de diñeiro.

Sabe que teñen en común Irán e Venezuela? Petróleo señor Rueda, miles de millóns de barrís de petróleo. Esa é a única democracia que lle preocupa a Trump, así que basta de caretas señorías do PP: deixen de apoiar guerras ilexítimas e inxustas.

De verdade pensan que o noso papel é ser súbditos do rei TRUMP? Porque o que estamos asistindo é á reacción agresiva dos EEUU ante o seu declive. Os aranceis, as bombas en Irán ou a esixencia de incrementar o gasto militar só buscan manter a hexemonía estadounidense e que as súas empresas gañen máis.

E precisamente por isto resulta humillante e preocupante ver ás elites europeas demostrando a súa irrelevancia, axeonlladas ante Washington sen importarlles as consecuencias. Un exemplo é o incremento do gasto militar na OTAN, incluído o Estado español que só no último ano fixo o maior incremento en gasto militar en décadas até situarse en 33.000 millóns de euros, o equivalente a seis anos da nosa sanidade pública. E quen ninguén se equivoque, gastar máis en bombas, tanques e mísiles significa recortar en sanidade, en educación ou pensións.

Un belicismo que sofren os galegos e galegas en forma de inflación, que está traendo un incremento insoportable dos combustibles e da cesta da compra. E resulta difícil de asumir que vostede insinúe que neste contexto hai que aproveitar a "oportunidade de negocio". É unha indecencia política e moral. Non hai ningunha oportunidade nunha guerra, só hai vítimas, sufrimento e destrución.

Estamos nunha etapa histórica complexa, de grandes cambios e desafíos. Nun momento así é cando máis importante era que Galiza tivera un goberno audaz, con visión de futuro, con ambición e capaz de impulsar as grandes transformacións que o País necesita.

Mais, lamentablemente, non temos nada disto, porque **é vostede o presidente do estancamento**: un presidente que aplica vellas receitas fracasadas, que está empeorando a vida dos galegos e das galegas e que só ofrece espolio dos nosos recursos naturais. **No BNG temos unha convicción clara: Galiza merece máis e Galiza pode máis.**

Déixannos unha Galiza débil, xusto cando máis necesitabamos unha Galiza forte. Unha fortaleza que tivo moito tempo para construír pero que non fixo porque non ten proxecto de país. Leva 17 anos gobernando: Cal é o seu legado, señor Rueda?

Tiveron 17 anos e deixan unha Galiza en crise demográfica e coa natalidade en caída libre. En 2024, último dato oficial publicado, tivemos a cifra máis baixa de nacementos da serie histórica, case a metade que en 2009 e aínda ben aquí a presumir!

Tiveron 17 anos e deixan unha Galiza con lista de espera para ir ao médico/a de cabeceira.

Tiveron 17 anos e cada vez é máis difícil acceder a unha vivenda.

Tiveron 17 anos e estamos á cola en I+D+i, e noso talento, á fuga.

Tiveron 17 anos e deixan aos sectores produtivos tocados e un monte que cada vez arde máis.

Tiveron 17 anos e deixan á nosa lingua en situación de emerxencia.

Ese é o seu legado tras 17 anos de goberno: unha Galiza estancada e máis débil.

E para tapar o seu fracaso só lle queda a mentira, a propaganda e as promesas baleiras:

Plan estratéxico da industria forestal madeira, incumprido.

Mobilizar 40.000 hectáreas agrarias, incumprido.

Fondo público privado de 300 millóns, incumprido.

Contratar 30 investigadores de alto nivel, incumprido.

Nova Lei de ciencia, incumprido.

Rede Adival para dinamizar a cultura no rural, incumprido.

Pacto pola industria e a enerxía, incumprido.

Nova Lei de loita contra os incendios forestais, incumprido

Novas residencias xuvenís, incumprido...

E podería seguir coa lista, porque só en dous anos van máis de 40 promesas incumpridas, e xa non falo dos seus 17 anos de goberno, non me chegarían os 45 minutos que teño para citar os seus incumprimentos.

Señor Rueda, non se cansa de tanta mentira?

De verdade non lle preocupa ver que a súa palabra non vale nada?

Só ten palabra cando se trata de beneficiar a uns poucos. Esta mañá dicía que vostede sabe a quen se debe. Sabémolo todos: ás eléctricas, ao lobbie da sanidade privada e as empresas amigas do PP.

Vémolo cando lle dan millóns de euros públicos en miles de contratos a dedo a empresas amigas. Como a que dirixe a irmá do señor Feijóo.

Vémolo no trato de favor a construtoras amigas no PP ás que lle paga 480 millóns de euros de sobre custo polo hospital de Vigo ou 300 millóns por rescatar autoestradas ruinosas.

Ou vémoste con vostede traballando para as eléctricas, que se forran mentres 300.000 familias non poden prender a calefacción nun País que exporta electricidade.

Non satisfeitos, acaban de cargarse ós xuíces da sala terceira do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que tiveron o atrevemento de pedir que se cumpra a lei fronte a súa barra libre ao espolio eólico. Un escándalo máis que demostra o poder das portas xiratorias!

Con vostede só gañan os de sempre, a costa da maioría!

Aínda que algo neste País está a cambiar, hai unha nova maioría social que demostrou que David pode vencer a Goliat, paralizándo ALTRI, unha vitoria do pobo e unha rotunda derrota súa, do seu proxecto estrela e do seu modelo de desenvolvemento económico. E cando en pleno século XXI un goberno ten como modelo industrial as macrocelulosas do século pasado evidencia a súa falta de proxecto, a súa incompetencia política e o máis grave, evidencia a súa deslealdade con Galiza. Cando vai asumir a súa responsabilidade por facernos perder dous anos por apostar todo a carta tóxica de ALTRI?

E de paso, cando vai explicarnos porque mantén oculto baixo sete chaves, os seus acordos coa pasteira portuguesa. Teña por seguro que imos poñer luz onde vostede quere escuridade e imos coñecer que esconde o seu pacto segredo con ALTRI.

E o grave é que o resultado da súa falta de proxecto é unha Galiza estancada, cun músculo económico e industrial debilitado. Os datos son contundentes.

En termos de converxencia o seu balance é que Galiza perdeu peso no Estado en emprego, en poboación e en riqueza (PIB). En 17 anos non logrou nin un só proxecto económico ou industrial de referencia, ningún; ogallá poder dicir outra cousa. Pero a realidade é que, desde que vostede goberna, desapareceron 5.447 empresas e temos 26.802 autónomos menos, mentres no Estado medraron un 5,5%.

Galiza só capta o 1,5% do investimento estranxeiro; o País Vasco, con menos poboación e territorio, capta o dobre; o empresariado non confía no seu goberno, de feito, en 2009 a taxa de investimento en Galiza estaba por riba da media española e europea. Hoxe caeu trece puntos e está por debaixo desas medias.

Señor Rueda, entende agora porque é vostede **o presidente do estancamento**?

E fronte a este estancamento a súa gran aportación ao mercado laboral é criminalizar ós traballadores e ás traballadoras. En Galiza hai 27 baixas por cada mil afiliados á Seguridade Social; a media do Estado é case de 40 baixas laborais, -un 32% máis-, somos a segunda comunidade autónoma, a segunda señor Rueda, con menos baixas de todo o Estado, pero vostede ven a este Parlamento a tratar ós traballadores e ás traballadoras como se fosen delincuentes e defraudadores. Como se pode ter tanta cara dura?

Estamos á cola en baixas laborais, duran máis porque vostede ten colapsada a sanidade pública e en lugar de reforzar a sanidade pública con máis medios,

criminaliza ós e as traballadoras e usa ese colapso para afondar na privatización da sanidade a través das mutuas.

É sinxelamente impresentable, unha falta de respecto coa clase traballadora á que lle debe unha desculpa!

Galiza ten todo para avanzar e progresar pero para iso hai que cambiar o modelo. E a chave de bóveda dese novo modelo é poñer a riqueza do País ao servizo do País, xusto o contrario do que fai vostede que é un cabalo de Troia do lobbie eléctrico e de megaminería contaminante.

Claro que a riqueza eléctrica tiña que implicar unha maior industrialización. Pero aquí esa ecuación non funciona, simplemente porque nos tratan como unha colonia enerxética de Madrid.

Por iso defender que os novos parques se vinculen a proxectos industriais no País, defender unha tarifa eléctrica galega ou unha empresa pública de enerxía é unha cuestión de sentido común, de democracia enerxética, e tamén de xustiza.

Isto é o que necesita Galiza e non o seu *espolio-washing* para que as eléctricas se sigan forrando co noso vento. E por riba ven aquí a dicirnos que copia o modelo noruego. Pero se Noruega ten unha empresa pública de enerxía e o Estado controla o sector enerxético, non minta señor Rueda. Se quere que os beneficios repercutan no País e na súa xente cree unha empresa 100% pública de enerxía e copie ao alcalde do BNG en Muras!

Galiza merece máis que o seu estancamento, merece un plan de futuro que aposte por investir o 2,5% do PIB en ciencia e innovación, merece un plan de desenvolvemento industrial que peche os ciclos produtivos e cree valor engadido, merece un Instituto de Crédito e un Fondo Soberano para Investimento Estratéxicos co obxectivo de que a industria se sitúen no 20% do noso PIB.

E se na economía sufrimos os efectos dun goberno estancado e sen proxecto, na sanidade si teñen un plan: debilitar a pública para beneficiar a privada.

Só así se explica un recortazo de 1.600 M€ en atención primaria, mentres hai listas de espera de até un mes para ver ao médico ou médica de cabeceira. E aínda por riba quere que traguemos con rodas de muíño facéndonos crer que iso é o normal. Non, o normal é que se estás enfermo poida atenderte a túa médica en menos de 24 horas. Por iso hoxe os galegos e galegas son os que peor valoran a atención primaria de todo o estado, aínda que vostede non

aportase nin unha soa medida para reducir as listas de espera na súa intervención.

Ten o mérito de poñer a todos en contra da súa política: pacientes, persoal sanitario, sociedades científicas, sindicatos. Como non van saír a rúa se ten a 380.000 mil galegos e galegas nunha lista de espera, que por riba está manipulada; como non van mobilizarse se ten a 11.000 nenos e nenas sen pediatra; como non van facer folga cando o seu goberno é o segundo que menos inviste en atención primaria por habitante?

Señor Rueda, non fan falta alborotadores, nin axitadores controlados por non se sabe quen para que a xente saía a rúa, só fai falta un goberno do Partido popular deteriorando a sanidade pública.

Un goberno que tamén fai propaganda nun asunto tan serio como a saúde mental.

Prometeu 83M€ en atención á saúde mental e investiu menos da metade; anunciou un novo *Plan de saúde mental* e seguimos esperando; hai 21 psicólogos para 400 centros de saúde.

E mentres segue estancado na propaganda, miles de mozos e mozas sofren angustia, auto-lesiões; e miles de persoas que padecen stres ou depresión non teñen máis axuda do seu goberno que unha caixa de pastillas. É unha indecencia, menos propaganda e máis recursos para saúde mental!

Antes ías ao médico coa tarxeta sanitaria, agora se non queres esperar tes que ir á privada coa tarxeta bancaria. **Este é o seu tráxico legado na sanidade tras 17 anos no goberno.**

Galiza merece máis, merece un goberno que confíe no país e na súa sanidade pública. Por iso, desde o goberno alternativo do BNG propoñemos:

- 1.- Cubrir todas as prazas vacantes na sanidade pública e contratar a cen psicólogos para os centros de saúde.
- 2.- Novo modelo de Atención Primaria con máis financiamento, -até chegar ao 25% do orzamento do SERGAS -, e máis servizos.
- 3.- Plan de choque para reducir as listas de espera hospitalarias que están descontroladas.

Acabamos de ver como o seu legado é unha Galiza estancada, cunha economía e sanidade debilitadas. Vaiamos agora a analizar como está atención ás persoas maiores e dependentes, persoas, que como sociedade, temos a obriga ética e moral de atendelas como se merecen.

Pero é difícil conxuntar nunha mesma frase PP e ética, cando o seu modelo consiste en facer negocio coa vellez e descargar os coidados nas mulleres a prezo de saldo. Mulleres precarizadas, como as traballadoras das residencias privadas, esas residencias ás que cada ano vostede lle entrega un cheque de 100M€.

E hai dous datos demoledores da súa falta de compromiso. Os rateos de xericultoras nas residencias en 2026, son as mesmas que en 1996. En trinta anos, ningunha mellora. Iso si, vostede eliminou a obriga de ter enfermeiras 24H nas residencias.

E por riba veu aquí esta mañá a presumir do ben que vai a dependencia!

Despois da pandemia prometeu un novo modelo de residencias, non fixo nada; prometeu centros de coidados intermedios, non hai ningún en funcionamento; prometeu unha estratexia fronte á soidade non desexada, non fixo nada. Isto é o que vale a súa palabra!

Coñecemos casos arrepiantes como o da residencia de Amoeiro, con anciáns desnutridos e nun estado deplorable de abandono. Pasou nun centro que acumulaba inspeccións, pero a dirección da consellería mirou para outro lado até que o asunto saltou a opinión pública. E aí sigue sentada ao seu lado a conselleira de Política Social, como si nada, e por riba ocultando a documentación que lle pedimos. Señor Rueda, que oculta? Cantos Amoeiros máis hai en Galiza?

Vostede dilapida millóns de euros en publicidade, pero ten o SAF deliberadamente colapsado porque quere cargarse este servizo. A súa estratexia é moi simple: colapsa o SAF e despois ofrece cheques-miseria que as familias collen como única alternativa. Resultado: as mulleres terminan facendo por 400€/mes o que vostede, con 14.200 M de orzamento, non quere facer.

Este é señor Rueda o seu legado tras case 20 anos de goberno: facer negocio coa vellez!

Pero **as persoas maiores merecen máis**, merecen respecto, atención e tranquilidade e para iso desde o goberno alternativo do BNG propoñemos un cambio total de modelo: Crear un SERGAS dos servizos sociais. Hai que garantir ás persoas maiores que van pasar esa etapa vital no seu fogar e que, en caso de ser necesario, contará cun modelo de residencias que poña ás persoas no centro.

En materia de igualdade a súa intervención foi bochornosa, nin unha soa mención ás políticas de igualdade, ni unha soa mención á violencia machista, nin unha soa proposta para as mulleres deste País!

Todo pese a que ten moitos ámbitos nos que traballar porque as galegas sofren a maior fenda salarial da serie histórica, 4.706 euros; sofren maior temporalidade, maior risco de pobreza e cobran de media unha pensión un 24% inferior á masculina.

E tamén poderían esforzarse máis na loita contra a violencia machista porque só o 15% das vítimas recibe atención psicolóxica e Galiza está por debaixo da media en prazas de acollida. E cal é a súa resposta: recortar 1,2 M€ no programa para combater a violencia machista, mentres gasta 7.000 euros ao día en publicidade. Quedan claras as súas prioridades: o autobombo por riba das mulleres!

E claro, así se explica que non teñan un *Plan de igualdade e contra o acoso no ensino*, a pesar de ser obrigatorio por lei. En fin, que esperar dun Partido Popular que cando ten denuncias internas de acoso o seu protocolo de resposta é acosar á vítima para que non denuncie. **Este é o seu feminismo e o seu legado tras 17 anos no goberno: darlle as costas ás mulleres é a igualdade.**

Outra das preguntas imprescindibles neste debate é que pasou coa Educación pública, tras 17 anos con vostede no goberno.

A súa primeira aportación: cargarse a gratuidade dos libros de texto. Vai rectificar señor Rueda, porque esta é unha gran carga para as familias? O ensino público ten serios problemas, falta profesorado e persoal especialista, pero cada ano aumentan os cartos ao ensino privado, que ademais está colonizando a formación profesional.

As súas baixadas de impostos supoñen un burato de 5.096 M€ nas arcas públicas nos últimos 8 anos. Sabe cantos profesores, persoal educativo de apoio, se poden contratar con 5.000 M€?

Só con suprimir o seu agasallo fiscal ós grandes patrimonios podería contratar ao persoal necesario para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Menos pelotazos fiscais para os ricos e máis educación pública, señor Rueda.

E que dicir da universidade: está vostede empeñado en traernos o modelo Ayuso. Tras regalarlle unha universidade privada a ABANCA, agora permítelle incumprir a lei creando titulacións que xa existen na pública.

Como colofón a súa esperpéntica xestión educativa, está o nomeamento do novo delegado territorial educación. Vexamos os méritos para ese posto, porque claro ten que ter un currículo á altura do manual meritocrático do PP: Defraudar 30.000 euros de cartos públicos en comidas, hoteis e bebidas; facer apoloxía do franquismo e, por suposto, declaracións machismo o propio 8M: "*A muller é capaz de sangrar sen cortarse; a muller é capaz de dar a luz sen corrente; a muller é capaz de tocar as narices sen achegarse*".

Señor Rueda, vaia catadura moral, en mans de quen está poñendo a educación dos nosos fillos e fillas?

A educación pública merece máis. Por iso, desde o goberno alternativo do BNG propoñemos:

Contratar máis profesorado e persoal especialista, poñer en marcha un plan de atención á diversidade; reducir as ratios, gratuidade dos libros de texto e devolverlle ao profesorado os dereitos que lles roubaron. E no ensino universitario, aumentar o financiamento até o 1,5% do PIB.

Non só lle deu ás costas ás mulleres, ás persoas maiores, ou ao profesorado e alumnado, tamén a milleiros de persoas que non poden acceder a unha vivenda, señor Rueda. E non me refiro a comprar áticos millonarios a base de *pelotazos* durante a pandemia, tamén con contratos coa Xunta... E xa sabe de quen lle falo, da súa verdadeira xefa.

Dinamitaron a política social de vivenda e cando a situación se volveu insoportable empezou coa propaganda. Nun mitin en xaneiro de 2024 anunciou que en 2028 haberá 4.000 novas vivendas públicas. Pero segundo os datos oficiais a día de hoxe só hai 171 novas vivendas protexidas rematadas, por suposto, todas iniciadas antes do seu anuncio. Señor Rueda deixe de enganar á xente, porque Galiza non vai ter 4.000 vivendas públicas construídas en 2028 e sábeo perfectamente.

No medio da súa propaganda, medran os prezos do aluguer, medran os pisos turísticos e medra a desesperación das familias e da xente moza, que está á cola en emancipación. **Este é o seu legado en vivenda: 17 anos de especulación!**

Galiza merece máis, merece que a vivenda volva ser un dereito. Desde o BNG propoñemos:

1.- Limitar o prezo do aluguer a través da declaración de zonas tensionadas en lugar de boicotealas como fai vostede en Santiago.

2.-*propoñemos Comprar 4000 vivendas para aluguer* nun prazo de cinco anos. Hai máis de 90.000 pisos baleiros só nas grandes cidades.

3.- *Propoñemos a protección permanente de toda a vivenda protexida para acabar coa especulación.* Porque hoxe un promotor pode recibir até 40.000 € para construír unha vivenda protexida e en 15 anos está no mercado libre a un prezo imposible.

4.- Comprar toda a vivenda protexida que se venda. Sabe cantas vivendas protexidas se venderon con vostede no goberno? 6.992, 6.992 vivendas que hoxe poderían estar a disposición da xente, pero vostede Sr Rueda non quixo. Nos próximos 5 anos, poderían perderse 14.000 vivendas públicas máis. Vai rectificar?

Con esta carestía da vivenda como non imos ter unha crise demográfica galopante? As novas xeracións teñen que aprazar os seus proxectos vitais. Ese é o seu gran legado demográfico: case medio millón de persoas buscando fóra as oportunidades que non atopan no País.

E ante esta realidade a súa solución é gastar 120.000 euros públicos en levarse a *París de Noia* a unha festa mitin do PP en Suíza.

A crise demográfica tamén ten moito que ver coa liquidación programada dos nosos sectores produtivos. Pecha unha explotación gandeira cada día; temos 500.000 hectáreas abandonadas e o rural convertido nun eucaliptal. Defender os sectores produtivos debería ser parte esencial dun goberno que confiara no país, pero aí está o Partido Popular traizoando ós nosos gandeiros no acordo MERCOSUR.

Claro que si, señorías do PP, porque o que precisan os nosos produtores de carne é competir en inferioridade de condicións! E que dicir dos produtores de leite: cobran o prezo máis baixo do Estado e agora as empresas comunicaron unha baixada de até 11 céntimos por litro. Todo isto cos custes de produción disparados pola guerra de Irán apoiada polo Partido Popular.

Que fai mentres o **presidente do estancamento**? Primeiro quedarse cruzado de brazos durante semanas mentres outros gobernos aprobaban axudas millonarias. E despois anunciar un plan cutre que, ademais, é un auténtico *bluff*. De verdade pensa que o que precisan os gandeiros, a xente do mar, os transportistas ou as familias ante a subida dos combustibles, dos alimentos ou das hipotecas é promocionar Galiza como destino turístico seguro?

Se non quere, non pode ou non sabe deixe, use as propostas do BNG e mobilice 700 millóns de euros para paliar os efectos da guerra e apoiar neste momento á familias e ós sectores máis afectados.

Se quere axudar á xente do rural traballe para garantir prezos do leite xustos; facilite a renovación xeracional e vote en contra do acordo co MERCOSUR. Iso é o que fixo e o que vai facer o BNG. Vostede que vai facer: traizoar de novo aos nosos gandeiros e gandeiras?

Se miramos ao sector da pesca e do marisqueo a situación é dramática. Un dato: Galiza pasou de vender en lonxa 196.000 toneladas de peixe e marisco fresco en 2009, a vender 107.000 en 2025, unha caída do 45%. Ten unha estratexia deliberada de liquidación do sector: por iso non rexeneran as rías; por iso están a favor de encher de eólicos os caladoiros e darlle a puntilla á frota galega.

A súa gran proposta é encher a costa de chiringuitos de praia: 400 autorizacións en menos dun ano, 400... Recoñezo que esta non a vin vir... é vostede un visionario: cambiar pesca por chiringuitos.

Pola contra, dúas proposta concretas do BNG: rexeneración das rías e declarar Galiza libre de eólicos mariños.

Non quero pechar esta parte do debate sen referirme á vaga de lumes do pasado verán, cos incendios máis grandes da nosa historia, onde a resposta do seu goberno non estivo á altura. Basta con lembrar as imaxes da veciñanza desesperada enfrontando as lapas cos seus propios medios.

Por certo señor Rueda, como vai o seu compromiso de limpar as franxas de seguridade en todos os concellos con menos de 10.000 habitantes. Vai cumprir ou era outro titular máis para o telexornal?

En 2017 arderon 62.000 hectáreas e morreron 4 persoas; en 2022, 51.000 hectáreas; en 2025, 170.000 hectáreas, centos de casas queimadas e miles de persoas desaloxadas.

Vostede estaba no goberno en todas esas catástrofes ambientais, económicas e sociais. Pero non aprendeu nada. Ao contrario, segue practicando a mesma política pirómana de sempre, aumentando as hectáreas de eucalipto con moratorias-fake en plena emerxencia climática.

Ese é o seu legado tras 17 anos: converter o noso monte nun polvorín.

Galiza merece máis que ser pasto do lume cada ano, señor Rueda.

Merece unha moratoria real indefinida na plantación de eucalipto; merece un monte limpo, ordenado e multifuncional; merece apostar por especies de calidade e completar aquí o ciclo produtivo da madeira. Merece un sistema de extinción profesionalizado e sen precariedade laboral, porque estamos falando de traballadores que se xogan o tipo para protexernos dos lumes.

Estas son as propostas do BNG, esperemos non arrepentirnos este verán destes dous anos perdidos nos que vostede exercía de comercial de ALTRI.

Señorías, nun debate do estado da nación é obrigado analizar cal é o balance do seu goberno no que máis nos une e identifica como pobo: o noso idioma.

Vostede púxose detrás da pancarta nunha infame manifestación en contra do galego; votou en contra da nosa lingua neste Parlamento e apoia a cruzada anti-galego do PP e VOX en Madrid e en Europa. Por que lle molesta tanto que se fale en galego, señor Rueda?

Mantén o decreto da vergoña, prohibe ensinar matemáticas, física ou bioloxía en galego; só un 15% da poboación escribe en galego e só o 7% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos falan galego sempre; a metade que en 2018.

Esta é o seu legado tras 17 anos de acoso á nosa lingua.

A inmensa maioría das persoas deste País están orgullosas do galego, falen no que falen, e quere mil primaveras máis para a nosa lingua.

Por iso, desde o goberno alternativo do BNG propoñemos:

- 1.- Cumprir o *Plan xeral de normalización lingüística*, recuperar o consenso a favor do galego que o PP nunca debeu romper.
- 2.- Suprimir o decreto da vergoña e consensuar un novo decreto para o ensino.
- 3.- Actualizar a *Lei de Normalización Lingüística* para adaptala á realidade dos nosos días.

Como dicía Castelao, “Se aínda somos galegos e galegas é por obra e graza do noso idioma”.

Señor Rueda , vostede tamén nos deixa unha democracia máis débil.

Prometeu diálogo e transparencia, pero só mantivo un encontro coa líder da oposición e mostra un total desprezo a chegar a acordos de País.

Oculto información sistematicamente ao Parlamento e practica a crispación, porque pensa que traendo aquí a lameira madrileña pode tapar a súa incompetencia.

Rompeu, por primeira vez en 40 anos, o acordo para renovar a Valedoría, vetando a un xurista por defender o interese xeral fronte a ALTRI. Unha proba máis da súa deriva antidemocrática e de que a súa palabra non vale nada.

E por suposto, ten secuestrada a TVG, dedicada a cantar as excelencias do líder supremo e a silenciar ou demonizar calquera crítica ao infalible *gurú* de Montepío! **Esa é a Galiza calidade de TeleRueda!**

A súa intervención tamén nos demostrou que sigue instalado na submisión: Madrid manda, vostede obedece e Galiza perde.

Perde 4.000 M€ porque non se atreve a aceptar a quita da débeda negociada polo BNG. Unha débeda pola que pagamos 1.700 M€ cada ano, máis que todo o que se destina a vivenda, dependencia ou ciencia. Unha débeda que vostede multiplicou mentres recorta en sanidade, en educación ou en vivenda.

Ese é o seu legado tras 17 anos no goberno: menos benestar e máis débeda pública.

E hoxe confesou nesta Cámara que só pide as competencias onde pensa que o pode facer mellor que o Goberno central. En 17 anos só pediu unha: menuda autodeclaración de incompetencia!

Fronte ao seu servilismo centralista, desde o BNG defendemos un novo status de nación para Galiza, para decidir desde aquí e desde nós todas as cuestións relevantes para o noso futuro, incluíndo por suposto a nosa riqueza e un modelo de financiamento que nos permita ter a chave dos nosos cartos. Este é o camiño para construír unha Galiza máis forte. Unha fortaleza que se asenta sobre a dignidade do pobo galego, que defende todo o que considera xusto e decente.

Sinto un orgullo inmenso dun pobo que sae ás rúas para dicir NON á guerra, dunha cidadanía que parou a bomba ambiental de ALTRI ou que loitou sen renderse até recuperar o Pazo de Meirás, auténtico símbolo da memoria histórica.

Este pobo traballador e loitador é unha fonte de inspiración que esixe que o seu goberno estea a súa altura. Esixe un liderado con visión de futuro, esixe confiar sen complexos no País, desde a dignidade e orgullo de ser unha nación con lingua e cultura propia.

No BNG temos o convencemento de que **Galiza merece máis**, moito máis, e como **goberno alternativo** temos un proxecto ambicioso para construír unha Galiza sen límites que poña ao noso País na vangarda das nacións máis avanzadas.

Quero dicirlle a todos os galegos e galegas, coa man no corazón, que é posible darlle a volta ao nefasto legado de 17 anos de goberno do PP, que é posible construír unha Galiza mellor, unha Galiza en grande, desde a confianza nas nosas propias forzas.

Contribuíndo desde aquí a construír un mundo máis xusto, un mundo de esperanza, no que a paz triunfe sobre a barbarie das guerras.

Porque como dicía Begoña Caamaño: "É o momento de mudar o mundo, de cambios profundos e estruturais, pero tamén conceptuais: é o tempo do feminismo, é dicir, da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade, e tamén, por que non? Da felicidade".